



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN POLO DÍA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción polo Día Contra o Cambio Climático.

### **Exposición de motivos**

Gobernos de case todas as institucións declararon a Emerxencia Climática, pero a situación actual do medio ambiente debido ao Cambio Climática require, pola súa urxencia, de ir máis aló de declaracións e realizar un xiro de 180 grados na nosa forma de vida. Toca, e con urxencia, tomar medidas.

No estado, xunto co resto dos países industrializados, tan só vivimos un 20% da poboación mundial; sen embargo, somos os principais responsables do cambio climático xa que emitimos practicamente o 75% dos gases de efecto invernadoiro totais á atmósfera.

A ciencia foi moi clara: si dende agora ata finais de século permitimos que a temperatura media da Terra (14°C) aumente máis dun grado e medio, practicamente todos os sistemas ecolóxicos veránse comprometidos.

Nos últimos anos, o movemento veciñal, de maneira contundente, veu defendendo que a infraestrutura verde debe adquirir un papel destacado na ordenación territorial, a política e a investigación de forma urxente. Esta infraestrutura verde enténdese coma unha red de características físicas que proporcionan beneficios ecolóxicos e sociais á sociedade a través de solucións baseadas na natureza, como base para o benestar humano e a calidade de vida. Nas zonas urbanas, a infraestrutura verde pode estar composta por zonas verdes e azuis, coma parques, arborado urbano, ríos e tellados verdes.

Dado o nivel de deterioro dos nosos territorios e ao que sometimos ao noso planeta, a nosa responsabilidade non é so a conservación, senón que debemos tamén reparar ese dano, restaurando a natureza, renaturalizando.

Dende o punto de vista urbano, as infraestruturas verdes representan tamén un instrumento útil e necesario para conectas as áreas rurais e urbanas co seu contexto territorial. Non obstante, o medio urbano pose unhas características propias que difieren o suficiente en termos naturais do resto do territorio como para requirir unha metodoloxía específica para a identificación da infraestrutura verde urbana, pero que xa conta cunha base de información na Agenda Urbana Española (Ministerio de Fomento, 2018) o a Guía para la infraestrutura verde municipal (ASEJA, FEMP, Red de gobiernos locales por la biodiversidade, AEPJP, 2018) ambas aliñadas coa Estrategia Nacional de Infraestructura Verde de la Conectividad y Restauración Ecológicas (IVCRE).

Segundo a Estrategia Nacional de Infraestructura Verde de la Conectividad y Restauración Ecológica foi aprobada mediante a Orden PCM/735/2021, de 9 de julio, cumprindo así co mandato legal contido na Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. Esta norma dedica o seu artigo 2 ao ámbito cartográfico da infraestrutura verde. Sinala no seu apartado 1: “ “Las Administraciones Públicas son las responsables de identificar, en el ámbito de sus respectivas competencias, los elementos del territorio que conformarán la Infraestructura Verde de España, en base a los criterios establecidos en la Meta 0 de la Estrategia Nacional de Infraestructura Verde y de la Conectividad y Restauración Ecológicas. Para cumplir con la necesidad de normalización de la cartografía, evitando incoherencias entre las distintas escalas geográficas y Administraciones, dicha identificación se basará también en la Guía metodológica para la identificación de los elementos de la infraestructura verde prevista en la Estrategia Nacional, redactada en el seno del grupo de trabajo que opera en el marco de la Comisión Estatal de Patrimonio Natural y de la Biodiversidad.”

Para cumprir con estes obxectivos, as principais características da Infraestructura Verde Periurbana deben ser as seguintes:

1. Servir de interfaz e zona de transición entre as zonas urbanas e forestais.
2. Garantir a mobilidade ecolóxica e mellora da biodiversidade.
3. Actuar como zona de protección das áreas naturais fronte á expansión urbana.
4. Permitir unha maior integración da natureza nos municipios.
5. Mellorar a calidade de vida e o estado de saúde da cidadanía.
6. Ofrecer á cidadanía un área de contacto directo coa natureza.
7. Ser refuxio para un elevado número de especies animais, entre elas, as especies polinizadoras.
8. Supoñer unha barreira acústica, redutora da contaminación e reguladora térmica.

## 9. Crear unha zona de potencial produción agrícola, gandeira e forestal.

Ademais do seu papel na loita contra o cambio climática, tanto na mitigación coma na adaptación, temos que resaltar os numerosos beneficios sobre a saúde:

- Benestar mental e relaxación.
- Ocio e tempo ao aire libre.
- Deporte e circuítos para a práctica deportiva.
- Mellora das persoas coas enfermidades de carácter mental.
- Circuítos para a terceira idade.
- Xogos infantís e de prevención da obesidade infantil.
- Rutas saudables.
- Atenuación do ruído.
- Diminución da temperatura e redución do efecto isla de calor.
- Atenuación da contaminación e mellora de enfermidades pulmonares.
- Efecto paisaxístico da biodiversidade urbana sobre a saúde.

Así coma as numerosas vantaxes ambientais, destacando entre elas:

- Mellora da riqueza das especies de flora e fauna.
- Minimiza o impacto das especies alérxenas.
- Mellora da xestión de plagas.
- Xestión das aves urbanas, recuperación de especies autóctonas e eliminación de especies invasoras.
- Sumideiro de carbono atmosférico.
- Filtro ambiental de contaminantes.
- Fonte de oxíxeno.
- Capacidade de retención de auga.

- Diminución do risco de inundacións.
- Mellora dos sistemas de drenaxe urbano.
- Mellora a calidade da auga.

Á luz dos numerosos beneficios ambientais e sociais das infraestruturas verdes, consideramos que é fundamental o cambio de mentalidade e de acción política fronte o cambio climático, unha acción máis proactiva que se base en:

CAMBIO DO ENFOQUE de “Zonas protexidas” a “Zonas promovidas”, no sentido de non entender estas áreas coma zonas onde evitar a presenza do ser humano, senón coma zonas onde promóvase de forma activa a biodiversidade, a súa riqueza e abundancia, e do mesmo modo, cambiar o enfoque de “salvar a natureza” a “manter e promover a natureza”.

ENTENDER ESTAS AREAS COMA ALGO A COMPARTIR COAS PERSOAS, salvo que por razóns maiores isto non sexa posible. En calquera caso, isto non pode depender nun factor económico, senón técnico.

A NATUREZA NON PODE AISLARSE DENTRO DUNS MUROS. Ata para que a funcionalidade das áreas protexidas sexa tal, precisamos conexións con estas, e solventar os efectos globais que tamén lles afectan.

OS POBOS INDÍXENAS, pero tamén moitas comunidades ao longo do globo, xogaron e xogan un papel importante na conversación dos seus territorios, polo que hai que fomentar prácticas e sistemas de gobernanza onde esa participación sexa real, coma nos modelos de manexo comunitario de ecosistemas.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Declaración de emerxencia climática no municipio de Ferrol.
2. Establecer mecanismos de gobernanza local a través da creación dunha Comisión participativa, onde teña voz a cidadanía, os movementos sociais e medioambientais, para desenvolver Plans Estratégicos de Infraestruturas Verdes e de Renaturalización de obrigado cumprimento que se integren dentro dos Plans de Ordenación Urbana Municipais.
3. Creación dun programa de refuxios climáticos baseados nas Infraestruturas Verdes e o aumento da red de zonas verdes de maneira equilibrada en todo o territorio municipal.
4. Fomento da agricultura urbana a través de proxectos de hortos domésticos, escolares e comunitarios que permitan achegar á cidadanía os coñecementos e beneficios agroambientais, xerando así mesmo espazos de cohesión social.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común